

CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

ACTA Nº 2023/13
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA DO CONCELLO, XOVES 16 DE NOVEMBRO DE 2023 -

No día de hoxe, ás 20:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA(PSOE)

ASISTEN:

PSOE

OLALLA BENLLOCH LEMA

JAVIER ROMAR ALVARELLOS

PATRICIA DOMINGUEZ MARINO

FELIPE VILELA VILELA

BNG

MARIA MERCE BARRIENTOS VARELA

PP

SOFIA LOPEZ SIMON

SANDRA VILELA RIVEIRO

ROSARIO GONZALEZ LEMA

IxMuxía

FRANCISCO JAVIER SAR ROMERO

AURELIA MARIA PICALLO MERLAN

SECRETARIA: ROSA ANA GARCIA FERNANDEZ

INTERVENTORA: ROSA FERNANDEZ CANOSA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

A)Parte resolutive

1.-Aprobación actas anteriores

A Secretaria explica que na acta da sesión de 20 de xullo por erro fíxose constar no punto 8 que a votación fora por unanimidade cando o correcto foi :5 votos a favor do gm PSOE e o resto abstención.

-Dna Merce Barrientos manifesta: "Na acta de 13 de setembro non se incluíu respecto á retirada da obra de Leis o que dixer sobre que o prazo remataba o 30 de outubro de 2023 e que debería de haber unha prórroga, e se me dixu que había tempo cando o prazo da obra era de tres meses e non había tempo para rematala."

Continúa: "Tamén na acta de 21 de setembro no punto 15 nunha intervención do PP falouse de que eu propoñía a limpeza de estradas e o que dixer foi que se non se podía facer de formigón polo menos que se vachease e limpase."

CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

-A secretaria lémballes aos integrantes do Pleno que nas actas recóllese, segundo ROF, un breve resumo do actuado e que se desexan que algo conste deben manifestalo así na sesión.

-O voceiro de IxM, manifesta que no punto 6 da acta de 21 de setembro hai que engadir un "non" na súa intervención.

As actas quedan aprobadas coas aclaracións recollidas.

2. Recoñecemento extraordinario de crédito

A Secretaria explica que os grupos teñen copia da proposta de Alcaldía neste punto dictaminado favorable na Comisión informativa.

-Intervén Dna Sandra Vilela: "Absterémonos pois hai informe desfavorable de Intervención".

-No mesmo senso maniféstase IxM .

-Dna Mercé Barrientos pregunta se son esas as facturas que están pendentes ou hai máis que non foran traídos ao REC.

A Intervención contesta: "Segundo chegan as facturas traense a pleno e para este son estas as que hai"

-Volve a intervir Dna Merce Barrientos: "Hai facturas de auga a Prado por importe de 183.290.80€ e non se traen a este REC. ¿Hai partida o vanse traer en breve?."

-A intervención resposta; " Algunhas están conformadas e outras non. Ata que se acredita que o servizo está prestado non se someten a confirmación. Se non hai crédito, miraremos o procedemento a seguir, e non podo decirlle agora canto hai na partida nin na bolsa de vinculación."

Sometido o asunto a votación o Pleno , polos votos a favor do g.m PSOE (5) e a abstención do resto(6) acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Crédito nº 4/2023 dentro do Orzamento prorrogado da Corporación para o ano 2023 por importe de 2154,46€ e recoñecer as obrigas que se deriven del, detalle que se anexa.

SEGUNDO.- Resolver as discrepancias prantexadas, deixando sen efecto a suspensión na tramitación do expediente, procedendo a levantar o reparo interposto pola intervención municipal, aos efectos procedimentais de continuación coa tramitación do expediente aprobatorio das facturas da relación indicada.

3. Proposta delegación de competencias de recadación executiva na Deputación Provincial.

A Secretaria explica o contido da proposta, dictaminda favorablemente en Comisión informativa.

Sen xerarse debate, o Pleno por unanimidade e polo tanto coa maioría cualificada requerida no art 47 da Lei 7/85 de BRL, acorda:

CONCELLO DE MUXIA (A Coruña)

1.-Delegar na Deputación Provincial da Coruña a seguinte competencia:

Recadación executiva de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de cobro non periódico ou por períodos inferiores a un ano.

2.-Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e abrir un prazo de 30 días hábiles a partir da data de publicación para a presentación de alegacións que serán resoltas polo pleno do concello. De non presentarse ningunha este acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo.

4.-Adhesión Central de Contratación FEMP

A secretaria explica o contido deste punto, dictaminado favorablemente en comisión informativa.

-Intervén Dna Sandra Vilela, voceira do g.m. PP: “ Hai profesionais que se adican a este tema e viven e pagan impostos en Muxía. Haberá que licitar e non como están agora, e votaremos en contra pois cremos que hai suficiente mercado neste Concello para poder licitar. Se as veces se presume de repartir obras entre as empresas locais, esta xente tamén son empresas locais e o que se poda facer aquí non ten que facerse fora.”

Seguidamente intervén Dna Merce Barrientos: “ Rogo que cando haxa axentes locais se faga con eles, pero cando non os haxa e se poda abaratar custos e acadar condicións máis favorables se faga así. Por iso votamos a favor desta moción. A proximidade ao servizo locais debe ser a opción correcta cando non haxa unha diferenza de custo.”

-Volve a intervenir Dna Sandra Vilela: “ Cando lles sacou os seguros aos axentes locais fíxoo porque lle deu a gaña pois fixo un cambio de axente e non de pólizas. Vostede dixo que levar os seguros para o banco aforrou ao concello nunha soa póliza 3000 euros e teño pedida esa póliza pero sigo esperando. Os custos son relativos e un axente local dá un servizo que non vai dar esa xente. É a miña profesión pero quero deixar claro que non podería subscribir ningún seguro co Concello polo que non teño interese ao respecto.”

Sometida a proposta a votación, o Pleno polos votos a favor do gm PSOE (5), e mixto(1), os votos en contra do Gm PP (3) e a abastención do gm IxM,(2) acorda:

PRIMERO.- Adherirse a la Central de Contratación de la FEMP coa finalidade de poder contratar as obras, servizos e subministros que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondientes contratos ou acordos marco que se subscriban entre dit central e as empresas adjudicatarias dos mesmos.

SEGUNDO.- Axustarse ao establecido no Regulamento de Funcionamiento da Central de Contratación da FEMP, en concreto, nas cláusulas referentes ao ámbito de aplicación, funcionamento, dereitos e obrigas das Entidades Locais.

TERCERO.- Remitir o presente acordo á FEMP aos efectos oportunos.

5.-Dedicacións exclusivas para a Concellaría de Cultura e a Concellaría de Obras

CONCELLO DE MUXIA (A Coruña)

A Secretaria manifesta que todos teñen copia da proposta de Alcaldía ao respecto.

Intervén a Alcaldía: “ Levarei este punto en todos os plenos e chamareino “punto da dignidade”. Quero darvos as grazas Javier e Olalla, por vir comigo á Deputación a pedir para Muxía e lograr 300.000€ para o polideportivo, quero darvos as grazas pola vosa compañía na visita ao Director de Costas, etc. Non tedes retribución pero si o agarimo da xente. Permanecedes obedientes aos vosos corazóns. A dignidade é a recompensa de obedecer ó teu corazón. É grande a dignidade que tedes e a dignidade alimenta almas, non enche pero alimenta. Non tedes que comer as vosas propias palabras como outros e outras, vós non insultades a intelixencia dos veciños, outras tiveron que comer as súas propias palabras que é como comer o seu propio vómito sobre todo se é de varios pratos de verdura sería repugnante como repugnante é utilizar certos motivos para facer política.”

-Intervén Dna Sandra Vilela: “ Vostede dixo que eu non asumía os resultados electorais e quen non os asume é vostede. O meu corazón e a miña dignidade dinme que vote en contra e vostede dixo que a dignidade consistía en facer o que o corazón mande e o meu mándame votar en contra.”

Sometida a proposta a votación, queda rexeitada polos votos en contra do gm PP (3), Mixto (1) e IxM (2) e os votos a favor do gm PSOE (5).

6.-Acordo definitivo de delegación de competencias de Control financeiro

A secretaria explica que o acordo inicial adotado en Pleno de 21 de setembro de 2023 foi exposto ao público durante o período legalmente esixido sen que se presentasen reclamacións e agora o Pleno poderará ratificar o acordó inicial.

Sen xerarse debate o Pleno, por unanimidade acorda:

-Aprobar definitivamente a delegación de competencia de Control Financeiro na Deputación Provincial, de acordo co determinado nas Bases de prestación do servizo públicas pola Deputación Provincial no BOP de 6 de setembro de 2020.

B) Parte non resolutiva

A petición da Alcaldía a Secretaria aclara o concepto de moción no ROF e Lei 7/85 de BRL e a consideración de algunhas das mocións como rogos ou declaración de intención dentro do ámbito do control de goberno sen carácter resolutivo.

7.-Moción do BNG para que se someta á votación a elaboración dun plan de limpeza periódica de cunetas e de vías interiores dos lugares de todas as parroquias do Concello.

Dna Merce Barrientos expoñe o contido da moción.

-Seguidamente intervén Dna Sandra Vilela. “ Traemos o que traemos e o Alcalde fará o que queira, pero dende o punto de vista político ou moral é outra cousa porque sorprende que vote a favor dunha moción e despois non faga nada.

O PP no seu programa electoral, punto 58, xa propoñía un plan de limpeza de estradas e cunetas así que como ve, Sra Barrientos, hai temas nos que coincidimos e votaremos a favor da moción.”

-IxM manifesta : “Díxonos que para vostede era un tema importante, coma para nós, pero non fixo nada.”

CONCELLO DE MUXIA (A Coruña)

-Intervén o Sr Alcalde: “ Paréceme interesante esta moción e xa trouxemos aquí unha proposta para aumentar o persoal, comprar maquinaria , etc para elo, e vostede votou en contra.”

-Volve a intervir Dna Mercé Barrientos: “ Ante as aclaracións sobre as mocións, a esta concelleira non lle compete gobernar este Concello pero si que me incumbe o que os vecinos me trasladan, e a nosa aportación en forma de proposta, de rogo, é fundamental sexa ou non na parte resolutiva. Por coherencia e decencia política, cando vota a favor dunha moción debe executala se está na súa man.”

Por unanimidade dos membros presentes o Pleno aproba a moción seguinte:

- 1.-Que se inclúa no orzamento para o 2024 unha partida para a limpeza periódica (alomenos dúas veces ao ano) das pistas e estradas de titularidade municipal.*
- 2.-Que se inclúa no orzamento para o 2024 unha partida para a limpeza e mantemento das vías interiores dos lugares, especialmente daqueles nos que non se realizaron obras de reposición do firme nos últimos catro anos nin estea previsto facelo en 2024.*
- 3.-Que dentro das actuacións se inclúa deixar á vista, limpar ou substituír a sinalización de núcleos de poboación que estea en mal estado.*

8.-Moción do BNG de novo impulso para a mancomunidade “Comarca de Fisterra”.

Dna Mercé Barrientos explica o contido da moción.

-A voceira do grupo municipal PP Dna. Sandra Vilela e o voceiro do grupo de IxM D. Javier Sar manifestan a súa conformidade coa moción.

-Intervén o Sr. Alcalde: “É unha moción interesante pero os servizos non se poden transferir de maneira inmediata como din na moción. Cando presidin a Mancomunidade pedíronse uns informes á Deputación e contestounos que era preciso reestructurar toda a parte estatutaria para aumentar obxecto. Isto non impide que o obxectivo final sexa positivo e votarei a favor pero que sepa que xa se está nelo.”

O Pleno por unanimidade aproba a moción seguidamente recollida:

- 1.-Estudar e debater na primeira sesión a celebrar na mancomunidade de Fisterra este documento.*
- 2.-Instar á mancomunidade a solicitar unha xuntanza coa Deputación para explorar a viabilidade do plan e o financiamento do estudio.*
- 3.-Trasladar este documento ás entidades sociais e económicas do concello para o seu estudio e debate, instando a que opinen e fagan propostas sobre o mesmo, dando novamente raslado das respostas a todos os grupos políticos desta corporación.*

9.-Moción do PP propoñendo obras para ser incluídas no POS 2024

Dna Sandra Vilela explica o contido da moción.

-Intervén seguidamente Dna Mercé Barrientos: “ Entendemos que non se trata de traer aquí mocións e que queden en papel mollado. Debe terse en conta que temos xa aprobadas propostas sobre os POS e non sabemos o que vostede vai a propor polo que suxerimos que se faga unha mesa de traballo para negociar o orzamento e o POS. Sabe que está en minoría e elo significa que é necesario consensuar, e non chegar a consenso pode facer peligrar o POS.

CONCELLO DE MUXIA (A Coruña)

No pleno extraordinario de setembro xa ía esa obra e tamén o do campo de fútbol dentro do que Costas permita. Estamos a favor pero tamén deben incluírse as obras solicitadas noutros plenos e que eran urxentes. Nós traemos tamén obras para o POS e é necesario facer proxectos e non queremos que chegue á situación de que cando falta pouco para o POS non se contemplan as propostas.”

-O Alcalde manifesta: “É unha moción interesante e xa dixeran fai moito que os camiños de Merexo os íamos facer. En canto á senda que propoñe, que diferenza hai entre esa petición dos veciños e a pista de Quintans que tamén piden?”

-Contesta Dña Sandra Vilela: “Non rexeitei esa obra pero trouxo unha proposta para usar o Remanente e díxemoslle que non xestionaba ben os recursos porque se o fixera non necesitaría tirar do Remanente. Non dixemos que estivéramos en contra da pista de Quintans pero era cuestión de prioridades. A intervención fixo referencia á necesidade de cuidar o gasto do Remanente e nós apoiamos que quedase esa obra sobre a Mesa para acometer a Ponte de Vilachán do que non sabemos máis.”

Sometido o asunto a votación a moción recollida a continuación queda aprobada por unanimidade.

- 1.-Que se proceda a redactar os proxectos de arranxo integral dos accesos e camiños interiores do lugar de Merexo, a creación dunha senda peatonal ao longo dos lugares de Castro e Loalo e unha reforma do Campo de Fútbol da Artiña con dotación de novos servizos e mellora dos existentes.*
- 2.-Que as obras propostas no punto 1 desta moción sexan incluídas no POS 2024. Se por unha cuestión de orzamento non poden ser as 3 incluídas na parte de achegas provinciais do plan, que sexan ao menos dúas destas inversións incluídas nas mesmas, pasando a terceira a formar parte do plan complementario para ser tida en conta en futuros plans adicionais do ano 2024.*

10.- Moción do BNG para que se someta urxentemente a licitación do servizo de Axuda no fogar.

Dña Merce Barrientos explica o contido da moción da que teñen copia os grupos políticos.

-Dña Sandra Vilela intervén: “ O SAF está nunha situación irregular dende fai anos. Cremos na xestión directa do SAF pero se non é así, sáquea a licitación. No último pleno dixi que estaba co proceso de licitación e foi a excusa que lles deu ás traballadoras do SAF que non estaban cobrando. Votaremos a favor porque é unha demanda que levamos facendo dende fai tempo.”

-Intervén D Javier Sar, de IxM: “Dende que estamos na corporación en todos os plenos sae a licitación do SAF e debe facerse dunha vez por todas e en todo caso para 2024. Queremos saber como vai este asunto.”

-A petición da Alcaldía a Secretaria informa de que o expediente da licitación está en trámite, debendo analizarse unha documentación solicitada á empresa .

-Contesta o Sr Alcalde: “ Seremos o primeiro goberno que licite o SAF. Reunín moitas veces coas traballadoras do SAF e en contra dos informes fíxen posible a mellora das súas condicións laborais e o PP lévame a fiscalía.”

Dña Merce Barrientos intervén: “Imos como mínimo catro anos tarde e absterémonos de incurrir en responsabilidades penais. Vostede non trouxo as MC a tempo e deixou sen pagar setembro e outubro.”

CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Sometida a moción recollida a continuación queda aprobada por unanimidade:

- 1.-Que se someta a licitación á maior brevidade o servizo do SAF.*
- 2.-No prego de licitación ademais das condicións do servizo, que se establezan claramente as condicións económico-financeiras que deberán acreditar as empresas para poder afrontar con garantías os pagos ao persoal.*
- 3.Que se contemplen no prego de licitación as condicións que marcarán a relación entre empresa-traballadoras/es encargados do servizo, con referencia explícita á derogación do contrato en caso de retraso inxustifico no pago de nóminas.*

11.-Moción do BNG para inclusión no POS de arranxos de accesos e viarios.

-Dna Mercé Barrientos explica a moción, manifestando que se eso se arranxa e ás colaterais só se pode facer unha reparación , que sexa así.

-A voceira do gm PP anuncia o voto favorable do seu partido, ao igual que IxM.

-O Sr Alcalde está a favor.

Por unanimidade a seguinte moción queda aprobada:

- 1.-Que se inclúa no POS non só o arranxo da estrada de Castelo a Senande, senón tamén o acondicionameto dos accesos aos lugares de Tralapedra, Castelo, A Rapose, Peropombo e Agranzón, e as vías secundarias da citada estrada.*
- 2.-Que dentro das actuacións se inclúa a sinalización que se atope en mal estado.*

12.- Moción do BNG para inclusión no POS de arranxos de viarios de acceso a zonas de traballo dos percebeiros.

-Dna Merce Barrientos expoñe o contido da moción.

-Dna Sandra Vilela intervén: “O tema dos camiños dos percebeiros xa se trouxo aquí outras veces e é un tema de mantemento básico e con gobernos anteriores facíase. Queremos facer un comentario que é que a esos camiños debería facerse un coidado todos os anos.

-IxM manifesta o seu apoio á proposta.

-O Sr alcalde intervén: “ Todo o que sexa bo para Muxía apoiarémolo, pero diremos que somos independentistas para que nos den diñeiro como a Puigdemon.”

-Dna Sandra Vilela contesta: “Co POS e os adicionais ten diñeiro pero vostede xa avisa de que fará o que queira, vota a favor e non fai nada.”

-Responde o Alcalde: “ Votarei a favor e non podemos pedir moita coherencia ao PP de Muxía porque se fose así hoxe teríamos outro concelleiro na vez de Dna Sofía López”.

O Pleno por unanimidade acepta a seguinte moción:

- 1.-Que se inclúa no vindeiro POS un acondicionamento sostible e duradeiro das pistas de acceso aos lugares de traballo do sector do percebe, polo menos aquelas que se atopoen en peor estado sobre*

CONCELLO DE MUXIA (A Coruña)

todo as seguintes vías:

- A de acceso á Buitra
- A de Martineto a Medina
- A de acceso á ribeira de Viseo (que precisa de canalización das augas que desfán a pista)
- A de acceso ao Salsario.

13.-Moción do PP de defensa e protección do sector pesqueiro de Galicia

Dna Sandra Vilela explica o contido da moción.

-Intervén o voceiro de IxM, Javier Sar: “ Estamos de acordo no apoio ao sector pesqueiro pero non que o recurso que está admitido a trámite e hai que esperar. Deberíades de defender non só agora senón fai anos as competencias.”

-No seu turno Dna Mercé Barrientos expoñe: “ Como patido nacionalista estamos a favor de que se xestione dende Galicia pero para eso hai que reclamar competencias e neste caso os gobernos do PP mantivéronse políticamente centralistas rexeitando solicitar para Galicia competencias como outras Comunidades Autónomas, e isto implica que outros territorios poden presentar leis do litoral ou doutros ámbitos e Galicia non. Se unha Comunidade Autónoma invade competencias do estado vai ao Constitucional. Non nos gustan as mocións para a galería, cando se quere legislar sobre algo hai que reclamar as competencias. Absteremonos porque o noso voto non vai valer para nada cando xa se admitiu a trámite por invasión de competencias.”

-Intervén o Alcalde: “¿ En que se basa o recurso?. Ten alguna relación de casos concretos en Muxía?”.

-Dna Sandra Vilela resposta: “ É un problema de competencias que non é autonómica. No seu momento pasousenos unha relación de infraestruturas afectadas aquí e había dúas. Se esa Lei sae adiante as depuradoras de marisco teñan que pechar e a xente que tivese que depurar tería que ir a Portugal. É un problema de agora e do futuro.”

Sometido o asunto a votación, queda aprobada a moción polos votos a favor dos integrantes de gm PSOE (5), PP(3) e IxM (2) e a abstención da integrante do grupo mixto-BNG, e polo tando:

Que o Concello de Muxía amose:

- 1.- *O seu apoio ao sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola de Galicia, e ás accións de ordenación dolitoral que favorecen o mantemento das poboacións litorais que viven do mar, garantindo o desenvolvemento das súas actividades por medio da explotación sustentable, equilibrada e responsable dos recursos, baseada nun asesoramento científico sólido e tendo en conta os aspectos ambientais, económicos e sociais.*
- 2.- *O seu rexeitamento ante o recurso de inconstitucionalidade presentado contra a LOXILGA (Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia), instando ao Goberno Central a reconsiderar a súa decisión, xa que pon en perigo o recoñecemento do uso pesqueiro, marisqueiro e acuícola como estratéxico e prioritario para o desenvolvemento sustentable do litoral.*

14.- Dar conta dos envíos trimestrais.

O Pleno queda enterado dos envíos trimestrais e PMP terceiro trimestre 2023.

15.-Dar conta das Resolucións de alcaldía (do 16 de setembro ao 10 de novembro).

CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

A secretaria explica que se da conta ao Pleno das Resolucións de Alcaldía comprendidas entre o 16 de setembro ao 10 de novembro de 2023.

O Pleno queda enterado.

16.- Asuntos por razóns de urxencia (art. 91.4 ROF).

De acordo ao establecido no ROF, o Alcalde pregunta se algún grupo quere introducir algún asunto por razón de urxencia.

Dna Sandra Vilela presenta un asunto por urxencia , Moción contra a tramitación dunha Lei de amnistía, que manifesta presentou o 13 de setembro por rexistro e non se trae a este pleno, e de ahí a urxencia.”

Sometida a urxencia a votación, votan a favor todos/as os/as integrantes do Pleno, salvo Dna Mercé Barrientos.

-Dna Sandra Vilela explica brevemente o contido da moción.

-Intervén a continuación Dna Mercé Barrientos: “ Non é a primeira amnistía neste país. O réxime político actual nace dunha amnistía que en 1978 permitiu que cargos políticos, torturadores e persoas que cometeron crímenes que están por clarexar, persoas que seguen tendo vítimas nas cunetas, foran amnistiadas en aras ao principio de reconciliación nacional. Ese indulto xeral fíxose naquel momento pese a que o BNG estaba en contra de amnistiar a torturadores aos que logo se lles premiou con medallas.

Houbo tamén amnistía fiscal máis recentemente, nos anos do goberno de Rajoy e por parte de Montoro que implicou que defraudadores de impostos poderían regresar pagando un 1% ou menos. Non se pode cuestionar esta amnistía cando non se cuestionaron as de torturadores, asasinados , defraudadores fiscais e por iso votaremos en contra.”

-Intervén o Alcalde: “ Estamos a falar de cousas que se nos escapan. Votaremos en contra porque esta moción é unha consigna do PP a nivel nacional e intenta involucrar a Concellos que xa temos bastante co noso.”

-Contesta Dna Sandra Vilela: “ Hai diferencias entre aquela amnistía e esta. Naquela buscábase a reconciliación nacional, pasar dunha dictadura a unha democracia. As persoas con cargos políticos que di vostede, por exemplo Fraga, foron persoas que camiñaron cara a democracia e superon reconsiderar as súas posturas, porque nas cunetas hai falecidos de todos os bandos, desgraciadamente. Estas persoas que agora se amnistían din que van facer o mesmo polo que van a ser amnistiados. A amnistía fiscal non é tal, é unha Lei que se aproba pero non existe amnistía fiscal. Quenes promoven a lei de amnistía son os mesmos que fai dous meses dicían que unha Lei así era ilegal e que nunca farían o que agora fan. Estase a quebrar a separación de poderes e nos afectará a todos.”

-Dna Mercé Barrientos contesta: “É algo que supera a este pleno e se é anticonstitucional, dirao o Tribunal Constitucional”.

Sometida a moción a votación, queda rexeitada polos votos en contra de gm PSOE (5), IxM (2) e mixto (1). Vota a favor o gm PP (3).

CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Dna Merce Barrientos manifesta que quere introducir unha moción sobre os horarios dos plenos extraordinarios por urxencia, pois “non se sabe se vai haber máis plenos ordinarios nos que trataa”.

A secretaria intervén para indicar que non poden ter cabida dentro do apartado de asuntos fora da Orde do Día a tratar por urxencia se teñen carácter de Rogo, tal e como di o art 94 do Rof.

Pese á aclaración manifestada con anterioridade pola Secretaría, o Alcalde somete a votación a urxencia que é aprobada por unanimidade, pasándose ao debate do asunto, indicando o Alcalde que votará en contra, “porque aínda que estemos en minoría sigo sendo o Alcalde e vou poñer os horarios dos plenos extraordinarios cando crea oportuno.

Dna Mercé Barrientos manifesta que quere introducir por urxencia unha moción sobre a depuradora de Quintans, da que entrega copia aos integrantes do pleno, secretaria e intervención.

A secretaria intervén para indicar que non poden ter cabida dentro do apartado de asuntos fora da Orde do Día a tratar por urxencia, aqueles que teñen carácter de Rogo, tal e como di o art 94 do Rof. Ademais no caso desta moción, implicaría informes xurídicos e económicos que non se poden presentar agora.

O Alcalde somete no obstante, a votación a urxencia que é aceptada polos votos en contra do gm PSOE (5) e a favor do resto(6).

Pese a elo non se debate o punto e tratarase como Rogo.

17.-Rogos e preguntas

-Dna Sandra Vilela pregunta:

“Hai unas casas en Senande nas que entra a auga cando chove forte. Xa sei que a estrada é da Deputación pero vostede díxolles aos donos que ía solucionar o problema e dado que se leva tan ben coa deputada Mónica Rodríguez, lembrese desto a vindeira vez que se reuna con ela.

- Cómo está o proceso de cesión da Casa do Mar que vostede dixo que tiña xa pechado.?
- Celebro o anuncio da subvención da Deputación para o polideportivo pero xa que buscan tantos recursos como é que renunciaron a 9000 euros de subvención que la Xunta concedeu para deportes?”

-Intervén D Javier Sar:

“ Rógolle en serio que faga unha mesa de negociación dos orzamentos e do POS e que se faga con tempo para poder debater e chegar a una cordo.

Rógolle atenda as queixas dos traballadores e usuarios da biblioteca porque está a entrar auga e poden perderse libros.

Atenda a situación dunha casa de Touriñan que se inunda pola situación na que está unha canalización de auga.

- Qué contrato temos coa empresa que retransmite os plenos e qué criterio se sigue para gravar uns e outros non?”

CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

-Dña Merce Barrientos manifesta:

“Rogo se revise en aras do interese público o lugar de ubicación da depuradora de Quintans. Actualmente está ubicada na parcela anexa ao vial e podería trasladarse á parcela coñecida como “fica da festa dos cabalos” de titularidade municipal e permitir así a conexión do núcleo de Quintans e varias vivendas e establecementos comerciais aos que non se lles da servizo co enclave proposto.”
Actualice por favor os datos da Corporación na pax Web.

Pedíronse os permisos a Augas de Galicia para a Ponte de Vilachán?. Fai unha semana consultei aos técnicos e seguían sen ser pedidos.

Respecto á cuberta do ESM para a que fixo un procedemento aberto e outro negociado, teña en conta ás empresas do Concello pois aquí hai empresas de cubertas e non as invitou.”

-O Sr. Alcalde responde que as contestará por escrito no vindeiro Pleno.

Ás **XX:XX** horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Concello de Muxía, xoves 7 de decembro de 2023

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña